	07. 3100. 0273. 0.	CM.ANDEADE-ESTRADA PENETRACIÓN (SANTISO)	52.272,43		52.272,43
		TOTAL	294.997,55	0,00	294.997,55
TRAZO	07. 3100. 0274. 0.	PAV.CAMIÑOS EN OZA	50.513,36		50.513,36
	07. 3100. 0275. 0.	PAV.PISTAS EN RESTANDE	42.431,44		42.431,44
	07. 3100. 0276. 0.	PAV.CAMIÑOS CAMPO E BERREO	55.611,00		55.611,00
	07. 3100. 0277. 0.	PAV.CAMIÑOS ROSENDE- VILASUSO-IGREXIA	36.146,55		36.146,55
	07. 3100. 0278. 0.	PAV.CAMIÑOS EN CAMPO	51.995,66	2,99	51.998,65
		TOTAL	236.698,01	2,99	236.701,00
VALDOVIÑO	07. 3100. 0279. 0.	SANEAMENTO NA LADEIRA	31.136,30		31.136,30
	07. 3100. 0280. 0.	SANEAMENTO EN S.MAMEDE	31.059,10		31.059,10
	07. 3100. 0281. 0.	SANEAMENTO EN S.BARTOLO	55.153,05		55.153,05
	07. 3100. 0282. 0.	SAN.NÚCLEO INTERIOR MONTEFARO	88.892,62		88.892,62
	07. 3100. 0283. 0.	COLECTOR ALCANT.ESTR.MEIRAS- MONTEFARO	48.014,66		48.014,66
		TOTAL	254.255,73	0,00	254.255,73
VAL DO DUBRA	07. 3100. 0284. 0.	CM.S.CRISTOVO-PONTE FIAIS	57.721,61		57.721,61
	07. 3100. 0285. 0.	SAN.SOBREPONTES (PORTODOMOURO)	38.793,60		38.793,60
	07. 3100. 0286. 0.	CM.CAMPO RIAL-CAMPO CARLEXO	47.989,73		47.989,73

	07. 3100. 0287. 0.	CM.CAMPO CARLEXO- MALVARES-LÍMITE	58.805,10		58.805,10
	07. 3100. 0288. 0.	ACD.LOCAL SOCIAL VILALBA	59.960,66		59.960,66
		TOTAL	263.270,70	0,00	263.270,70
VEDRA	07. 3100. 0289. 0.	AF.ACD.PISTAS ROMARÍS	42.767,75		42.767,75
	07. 3100. 0290. 0.	AF.ACD.PISTAS O FRANCÉS	46.728,98		46.728,98
	07. 3100. 0291. 0.	AF.ACD.PISTAS IGRESARIO	32.240,52		32.240,52
	07. 3100. 0292. 0.	REPARACION CUB.ESCOLA S.MIGUEL SARANDÓN	31.049,55		31.049,55
	07. 3100. 0293. 0.	REPARACIÓN C.CULTURA S.MIGUEL SARANDÓN	31.361,55		31.361,55
	07. 3100. 0294. 0.	PISTA POLDVA.C.FESTA S.ANDRÉS TROBE	25.709,36	5.382,13	31.091,49
		TOTAL	209.857,71	5.382,13	215.239,84
VILASANTAR	07. 3100. 0295. 0.	ACD.CM.SEIXO-NAVEIRA-CAMPO	42.707,31		42.707,31
	07. 3100. 0296. 0.	ACD.CM.PENADOSO-FORTALEZA	52.747,43		52.747,43
	07. 3100. 0297. 0.	ACD.CM.CORDAL-FACHAL...	52.676,48		52.676,48
		TOTAL	148.131,22	0,00	148.131,22
VILARMAIOR	07. 3100. 0298. 0.	AMPL.REDE ABAST.CORUXAS- LAXE-BARREIRAS	34.586,36		34.586,36
	07. 3100. 0299. 0.	AMPL.REDE ABAST.DOROÑEIRA- BALBON-PALAI	32.323,88		32.323,88
	07. 3100. 0300. 0.	AMPL.RED ABAST.OS CHAOS- BREANCA....	43.010,06		43.010,06
		TOTAL	109.920,30	0,00	109.920,30
VIMIANZO	07. 3100. 0301. 0.	COMPLEXO DEPORT.CUBERTO (VEST.XIMNASIO)	406.437,33	18.562,67	425.000,00
		TOTAL	406.437,33	18.562,67	425.000,00
ZAS	07. 3100. 0302. 0.	MCR CM.PQ.MEANOS-VILLAR	48.879,33		48.879,33
	07. 3100. 0303. 0.	MCR CAMIÑOS EN BAIO	47.008,15		47.008,15
	07. 3100. 0304. 0.	ABAST.AUGA A VENTOSELO	43.980,43		43.980,43
	07. 3100. 0305. 0.	DEPÓSITO AUGA DE MIRA	34.066,49		34.066,49
	07. 3100. 0306. 0.	ABAST.AUGA A TEIXIDON	50.263,62		50.263,62
	07. 3100. 0307. 0.	MCR CM.PQ. PAZOS E MIRA	45.691,87		45.691,87
	07. 3100. 0308. 0.	MCR CM.CANALZ.ZAS-MIRA- LAMAS	49.668,02	4.148,01	53.816,03
		TOTAL	319.557,91	4.148,01	323.705,92
CARIÑO	07. 3100. 0309. 0.	BARREDOIRA-ASPIRADORA	82.000,00		82.000,00
	07. 3100. 0310. 0.	EQUIPO LIMPEZA DA REDE SANEAMENTO	36.519,68		36.519,68
	07. 3100. 0311. 0.	SANEAMENTO PLUVIAIS R/DA AREA	57.815,90		57.815,90
		TOTAL	176.335,58	0,00	176.335,58

TOTAL ACUMULADO 23.997.525,79 1.837.983,22 25.835.509,01

NÚMERO DE CONCELLOS 87

NÚMERO DE OBRAS 311

Anexo 2: Obras do Plan complementario ao Plan de cooperación provincial (PCP) 2007

CONCELLO	DENOMINACIÓN	PRESUPOSTO
AMES	DISTRIB.ABAST.PADRÓN-PROUPÍN-LAMAS	59.502,39
ARANGA	PISTA CAMBA-ARANGA DENDE CONGOSTRO-CARBALLAL	41.824,74
ARES	MELLORAS IL.PÚBL.R/REAL-MARÍA	47.657,97
ARTEIXO	BEIRARRÚAS M.E.PASEO FLUVIAL IGREXARIO LOUREDA	144.666,67
ARZÚA	ADQUISICIÓN DUNHA MÁQUINA BARREDOIRA	120.000,00
BERGONDO	BEIRRARÚAS E XARDÍN BALDOMIR	213.715,41
BOQUEIXÓN	AMPL.ABAST.AUGA RUBIO E OUTRO	31.143,41
CABANAS	PAV.ACC.NÚCLEOS IRIS-STA.CRUZ	35.021,93
A CAPELA	PAV.V.MPAIS. AS NEVES-PONTE CABALAR 1-F	31.000,00
CARBALLO	SAN.PARADELA 2-F. DEPURADORA SOFÁN SAN.CANCES VILA. 2-F. CANCES	82.897,66 54.322,28
CEE	MELLORA C.FESTA BERMÚN	31.197,65
CERDIDO	CAMIÑO CASALDAIA-FERCOI	31.001,74
CESURAS	PAV.CM.DORDAÑO-MANDAIO E OUTROS	31.144,10
CORCUBIÓN	REHAB.BEIRARRÚAS PRAZA CASTELAO	31.000,87
CURTIS	COMPL.AF.CAMIÑOS MUNICIPAIS	50.271,30
FENE	PAV.CM.PUNXEIRO (MAGALOFES)	42.377,19
FISTERRA	PAV.PISTA S.MARTIÑO ABAIXO-ARRIBA	55.297,30
A LARACHA	RENOV.PAV.R/SANTIAGO	59.999,98
MALPICA DE BERGANTIÑOS	ACD.ACC.PRAIA MALPICA TRAMO I.	58.173,81

MELIDE	CONT.SOTERRADOS PRAZA UNIVERSIDADE CONT.SOTERRADOS RÚA GALICIA	59.767,56 59.045,25
MESÍA	PISTA POLIDEPORTIVA NA VILA	33.147,53
MIÑO	IL.PÚBL. ESTRADA POUSADOIRA-RETRIZ E O.	53.024,42
MONFERO	MCR.CM.CRUZ CARBALLEIRA-S.ANDRÉS 2-F	31.118,64
NOIA	BEIRARRÚAS SAN.HORTA ZAPATEIRA 1-F	35.373,71
OLEIROS	PAV.R/AREOSA-URB.O VALIÑO, O BOSQUE-A BRAÑA	166.361,53
OROSO	ACD.CM.INGLÉS-DEIXEBRE-OROSO	37.770,18
ORTIGUEIRA	MELL.EQUIP.ALUMEADO TEATRO BENEFICENCIA	49.998,93
OZA DOS RÍOS	PAV.R/PARROQUIA PORZOMILLOS	31.017,59
PONTEDEUME	PAV.CAMIÑO DA INSUA	31.425,91
PONTES (AS)	ASF.PISTAS CASANOVA-LAMAS-PAIPAZ PAV.R/COIREIRO-TRV.RONDA E O. ASF.PISTAS CAMPO COVA-CABEZA VACA E O.	52.115,17 43.514,01 59.642,34
RIBEIRA	PAV.RÚA REAL (CORRUBEDO) INST.RED SUMIDOIROS CRUCE DO VILAR	59.874,53 51.154,84
ROIS	ARRANXOS PISTAS PERUCA-AGRO DO MONTE ARRANXOS PISTAS PRAIA FLUVIAL-AGRO DO MONTE	45.553,20 34.510,00
SADA	AUGA.SAN.EP 812 ESPÍRITO SANTO	203.833,35
SAN SADRUNIÑO	AMPL.SAN.INXERTO-OUTEIRO	39.721,87
SANTIAGO DE COMPOSTELA	CAPA ROD.REBORDAOS-SON ABAIXO	119.803,66
TEO	AF.ACD.PISTA NOCEDA-CRUCERO VAAMONDE	34.525,75
VILARMAIOR	PAV.CM.BOUZOA TEIXOEIRAS	31.608,00
VIMIANZO	PAV.APARCADOIRO CM.FÚTBOL VIMIANZO ACTUACIÓNS CONTORNO LOCAL CULTURAL CARNÉS	31.000,00 40.728,70
ZAS	PAV.CM.LOROÑO-A VICENTA	31.000,00
	TOTAL	2.718.853,07

7.-MODIFICACIÓN DA DISTRIBUCIÓN INTERNA DO FINANCIAMENTO DOS INVESTIMENTOS INCLUÍDOS NO PLAN PROVINCIAL DE COOPERACIÓN ÁS OBRAS E SERVIZOS DE COMPETENCIA MUNICIPAL E DA REDE VIARIA LOCAL ANUALIDADE 2007.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o escrito recibido do Ministerio de Administracións Públicas por medio do cal se presta conformidade con observacións ao Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2007, e ao seu Plan complementario, que se aprobou por acordo plenario desta deputación o 22 de febreiro de 2007, no marco do establecido no Real decreto 835/2003 do 27 de xuño, modificado polo Real decreto 1263/2005 do 21 de outubro.

Analizadas as observacións que conteñen o citado escrito relativas ás obras nº 310 e 314 do Concello de Porto do Son, que non teñen natureza de gasto de investimento, polo que non poden financiarse con subvención estatal.

Tendo en conta que existe a posibilidade de realizar axustes internos da distribución do financiamento das obras incluídas no P.O.S. 2007, de forma que sen variar a relación de actuacións incluídas nin as cifras globais do financiamento entre as distintas administracións cofinanciadoras, se modifique internamente a distribución do seu financiamento entre as distintas administracións cofinanciadoras.

1.- Modificar a distribución interna do financiamento das obras nº 310-313-314 do Concello de Porto do Son, motivado polo feito de que as obras nº 310 e 314 non teñen a natureza de gasto de investimento. A rectificación interna consiste en eliminar das obras nº 310 e 314 a subvención estatal, e incrementar na mesma medida a achega provincial, mantendo invariables a achega municipal e o orzamento total das obras. Reciprocamente faise a operación inversa na obra nº 313 do Concello de Porto do Son, de forma que se incremente a subvención estatal polo importe eliminado nas obras nº 310 e 314, e se minore na mesma contía a subvención da deputación realizada con cargo a fondos propios.

Todo isto na forma en que deseguido se indica:

Distribución do financiamento inicial:

Ayuntamiento	Código de la obra	Denominación	Estado	D.Préstamo	D.F. Propios	Ayuntam.	TOTAL
PORTO DO SON	07. 2100. 0310. 0.	MANTENIMIENTO PISTAS PQ.XUÑO	5.081,71	14.228,79	14.567,57	4.187,18	38.065,25
	07. 2100. 0313. 0.	PAV.PARQUE INFANTIL PORTO DO SON	6.944,36	19.444,19	19.907,15	8.662,48	54.958,18
	07. 2100. 0314. 0.	LIMPIEZA PISTAS EN FIEIRO-IGLESIA Y OTROS	4.531,16	12.687,25	12.989,33	3.733,54	33.941,28
		TOTAL	16.557,23	46.360,23	47.464,05	16.583,20	126.964,71

Distribución do financiamento modificado:

Ayuntamiento	Código de la obra	Denominación	Estado	D.Préstamo	D.F. Propios	Ayuntam.	TOTAL
PORTO DO SON	07. 2100. 0310. 0.	MANTENIMIENTO PISTAS PQ.XUÑO		14.228,79	19.649,28	4.187,18	38.065,25
	07. 2100. 0313. 0.	PAV.PARQUE INFANTIL PORTO DO SON	16.557,23	19.444,19	10.294,28	8.662,48	54.958,18
	07. 2100. 0314. 0.	LIMPIEZA PISTAS EN FIEIRO-IGLESIA Y OTROS		12.687,25	17.520,49	3.733,54	33.941,28
		TOTAL	16.557,23	46.360,23	47.464,05	16.583,20	126.964,71

Con estas modificacións mantéñense no plan a totalidade dos investimentos aprobados e non se alteran os importes totais das achegas dos distintos axentes cofinanciadores.

2.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

3.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia para os efectos dispostos no art. 29.2.) da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado.

4.- Remitir o expediente a informe da Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais.

5º Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación prevista na Lei de administración local de Galicia.

6º Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerárase definitivamente aprobada a modificación do plan.

8.- APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DA OBRA “AMPLIACIÓN VÍAS PÚBLICAS EN CABANAS E OUTEIRO” DO CONCELLO DA BAÑA, INCLUÍDA NO POS 2006. CÓDIGO 06.2100.0028.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Aprobar o proxecto reformado da obra "**Ampliación vías públicas en Cabanas e Outeiro**" do Concello da Baña incluída no Plan provincial de cooperación ás obras e

servizos de competencia municipal e da rede viaria local 2006 (Código: 06.2100.0028.0) cun orzamento de contrata de **32.522,32 €** que non representa unha variación no seu orzamento total, nin varía a finalidade ou o obxecto das obras, pero si modifica o trazado destas.”

Código	Concello	Denominación	Deputación F. Propios	Deputación Préstamo	Estado	Concello	Orzamento Total
06.2100.0028.0	A Baña	Ampliación vías públicas en Cabanas e Outeiro	12.961,77	13.281,98	4.652,45	1.626,12	32.522,32

9.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO Nº 2 DA OBRA “EDAR NA VEIGA” DO CONCELLO DE CABANAS INCLUÍDA NO PROGRAMA OPERATIVO LOCAL (POL) 2006, CÓDIGO 06.2300.0209.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“Visto o proxecto reformado nº2 da obra “Edar na Veiga” do Concello de Cabanas incluída no Programa Operativo Local (POL) 2006, código 06.2300.0209.0, que foi presentado polo director das obras e que representa un incremento no seu orzamento de contrata.

1º.- Aprobar por un importe total de 105.495,53 € o proxecto reformado da obra “Edar na Veiga” do Concello de Cabanas incluída no Programa Operativo Local (POL) 2006, código 06.2300.0209.0, cuxa 1ª fase foi aprobada mediante acordo plenario adoptado o 23 de febreiro de 2006.

2º.- Aprobar, así mesmo, a modificación do seu financiamento debido ao incremento experimentado no orzamento do proxecto reformado que representa a cantidade de 105.495,53 € a prezos de contrata, sendo de 88.324,60 € a prezos de adjudicación. O incremento finánciao integramente a deputación (código:06.2300.0209.1).

Así os datos de financiamento total da obra quedan como segue:

“Edar na Veiga” do Concello de Cabanas			
	Orzamento proxecto Inicial a prezos de contrata	Orzamento reformado a prezos de contrata	Incremento
	06.2300.0209.0		06.2300.0209.1
Deputación f.p.	15.744,44	16.430,76	686,32
Deputación outros	5.240,46	5.240,46	0
Estado	34.859,54	34.859,54	0
FEDER	48.964,76	48.964,76	0
TOTAL	104.809,20	105.495,52	686,32

3º.- Dispoñer a exposición pública mediante a publicación dun anuncio no BOP para os efectos de que durante o prazo de 10 días poidan presentarse as alegacións ou reclamacións que se consideren oportunas.

4º.- Remitir o expediente a informe da Subdelegación do Goberno en Galicia e á Comisión Provincial de Colaboración do Estado coas Corporacións Locais, para os efectos dispostos no art. 29.2 da Lei 6/1997 do 14 de abril de organización e funcionamento da Administración xeral do Estado e no art. 9 do RD 835/2003 do 27 de xuño, polo que se regula a cooperación económica do Estado aos investimentos das entidades locais.

5º.- Remitir o expediente á Xunta de Galicia e á Comisión Galega de Cooperación Local para os efectos da coordinación establecida nos arts. 112 e 188 e seguintes da Lei 5/1997, de administración local de Galicia.

6º.- Unha vez transcorrido o indicado prazo de 10 días de exposición pública e remisión a informe, sen que se presenten reclamacións ou alegacións, considerarase definitivamente aprobado o presente expediente.”

10.-APROBACIÓN DA RECTIFICACIÓN E ACTUALIZACIÓN DO INVENTARIO DE BENS DA EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º.-Aprobar a rectificación anual do inventario de bens da Excma. Deputación provincial da Coruña correspondente ao período do 1 de xaneiro ao 31 de decembro de 2006.”

11.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN CO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PARA FINANCIAR O PROXECTO DE EDUCACIÓN TÉCNICA AGROPECUARIA PARA ADOLESCENTES E MOZOS RURAIS NO MUNICIPIO DAS SABANAS-NICARAGUA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º. Aprobar o texto do convenio de colaboración co Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade e a Deputación Provincial da Coruña para financiar o proxecto de educación técnica agropecuaria para adolescentes e mozos rurais no municipio

de Las Sabanas-Nicaragua, cunha achega provincial que ascende á cantidade de 25.000,00€ (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 61,31%)”

Nº /2007

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN DA CORUÑA E O FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE, PARA O FINANCIAMENTO DO PROXECTO DE EDUCACIÓN TÉCNICA AGROPECUARIA PARA ADOLESCENTES E MOZOS RURAIS NO MUNICIPIO DE LAS SABANAS - NICARAGUA
A Coruña, de de 2007

REUNIDOS

Dunha parte, Don Salvador Fernández Moreda, que intervén neste acto en nome e representación da Excm. Deputación Provincial da Coruña, actuando na súa calidade de presidente e conforme ás competencias que ten atribuídas.

Doutra, Don Alfredo Novoa Gil, en nome e representación do Fondo Galego de Cooperación e Solidariedade (Fondo Galego, a adiante), na súa calidade de presidente do Fondo Galego, conforme ás competencias que ten atribuídas.

Ambos os dous comparecentes recoñécense mutuamente capacidade, lexitimación e representación suficientes para formalizar o presente convenio de colaboración, e

EXPOÑEN

O Fondo Galego é unha asociación sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e independente, e plena capacidade xurídica e de obrar, constituída ao abeiro da Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación. O Fondo Galego configúrase como instrumento legal que permite a confluencia e a asociación das vontades libremente expresadas polos seus asociados para desenvolver unha eficaz política de cooperación e de solidariedade da cidadanía dos concellos e provincias de Galicia cos pobos subdesenvolvidos.

Poden ser socios titulares do Fondo Galego todas as entidades locais de Galicia. Actualmente están integradas unhas noventa e cinco entidades locais, entre as que se conta a Deputación Provincial da Coruña, que se integrou no ano 2002.

Ademais dos proxectos que o Fondo Galego xestiona directamente, a través de convenios con organismos ou institucións públicas (principalmente organizacións similares ás nosas entidades locais) dos países en vías de desenvolvemento, tamén canaliza a súa actividade cooperadora seleccionando proxectos que executan organizacións non gobernamentais, verbo dos cales realiza con posterioridade un labor de seguimento, control e avaliación orientado a garantir a súa execución. Tal é o presente caso, no que se trata de apoiar o proxecto antes citado, levado a cabo en Nicaragua pola entidade Instituto de Promoción Humana de Somoto (INPRHU-Somoto), mediante achegas económicas do Fondo Galego e da Deputación.

A Deputación Provincial da Coruña, no marco das competencias que a lexislación lle atribúe, tanto en orde ao fomento e administración dos intereses peculiares da provincia, regulados na normativa local de aplicación, como en orde á cooperación internacional ao desenvolvemento, disposta na

Lei 3/2003, de cooperación ao desenvolvemento, está interesada na participación do proxecto de educación técnica agropecuaria para adolescentes e mozos rurais no municipio de Las Sabanas – Nicaragua.

Polo que acordan a celebración dun convenio de colaboración suxeito ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA: OBXECTO DO CONVENIO

O obxecto do convenio é a colaboración económica na execución do “proxecto de educación técnica agropecuaria para adolescentes e mozos rurais no municipio de Las Sabanas – Nicaragua”, que se concreta nun proxecto de educación técnica a nivel de escola secundaria, que se desenvolve nos Centros de Educación Alternativa Rural (CEAR) implementados polo INPRHU-Somoto, no que os alumnos, despois de tres anos de estudos (o primeiro curso realizouse no ano 2006), acadarán o título de “Técnicos básicos agro-ecolóxicos”.

Conta tamén cun compoñente de orientación vocacional no campo agro-ecolóxico, dirixido a nenos e nenas de escolas primarias das mesmas comunidades de adolescentes e mozos, a través dunha materia no seu currículo escolar denominada “Educación ambiental”.

O obxecto da achega provincial é colaborar no financiamento dos gastos relativos ao desenvolvemento do 2º curso, que se realizará ao longo do ano 2007.

SEGUNDA: CONTIDO DA COLABORACIÓN

A Deputación da Coruña comprométese a subministrar a cantidade de VINTE E CINCO MIL EUROS (25.000 €) para financiar os gastos relacionados co proxecto obxecto do convenio, sobre un orzamento de gastos de 40.776,56 €, o que supón unha achega provincial do 61,31 %. O resto das achegas serán realizadas polo Fondo Galego.

O Fondo Galego coordinará a execución do obxecto do convenio e velará polo seu completo cumprimento, cuxa execución material estará a cargo do INPRHU-Somoto, particularmente do Cear de Las Sabanas.

O orzamento dos gastos que se han financiar coa achega da deputación detállase do seguinte xeito:

	<u>Ano 2007</u>
Persoal	26.948,16
Materiais	4.986,40
Gastos operativos	4.500,00
Investimentos	1.600,00
Transporte	<u>2.742,00</u>
Total	40.776,56

A achega da deputación materializarase en 2 prazos, mediante transferencia bancaria á conta designada polo Fondo Galego.

O primeiro pagamento, por importe de 12.500 € (50 % da achega provincial), despois da sinatura do convenio e da presentación de garantía suficiente, nos termos das Bases de execución do orzamento xeral para 2007.

O segundo pagamento, por importe de 12.500 € (50 %), despois da xustificación do cumprimento total do obxecto de convenio.

O Fondo Galego comprométese a remitir como documentación xustificativa da execución do proxecto:

- Memoria da actuación suscrita polo seu presidente ou representante, xustificativa do cumprimento, que incorpore documentación gráfica.
- Relación clasificada de gastos e pagamentos realizados.
- Facturas ou outros documentos de valor probatorio equivalente do gasto realizado (e pagamento, se opta polo anticipo de fondos).
- Acreditación da aprobación das facturas polo órgano competente da entidade beneficiaria.
- Declaración doutras axudas recibidas, distintas das previstas neste convenio, para a mesma finalidade.

As transferencias bancarias correspondentes materializaranse despois dos informes do Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea e da Intervención de Fondos Provinciais. Dos pagos que se realicen darase conta ao Servizo de Patrimonio e Contratación.

O Fondo Galego acreditará documentalmente estar ao corrente das súas obrigas tributarias e sociais coa Facenda Pública estatal e coa Seguridade Social. A acreditación de estar ao corrente coas obrigas fiscais coa deputación determinarase de oficio pola propia deputación, a través do seu Servizo Provincial de Recadación.

Para a realización dos pagamentos previstos, a deputación queda autorizada para solicitar, en nome do Fondo Galego, as acreditacións mencionadas no parágrafo anterior.

Para cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, aplicarase o tipo de cambio oficial establecido no día da remisión da documentación xustificativa á deputación. Todos os pagamentos que realice a deputación serán en moeda euro.

A falta de xustificación en prazo, sen que medie solicitude de prórroga, dará lugar ao reintegro do importe percibido e non xustificado, xunto co xuro de mora correspondente.

O Fondo Galego comprométese a:

1º.- Deixar constancia na difusión das actividades obxecto do presente convenio da participación da Deputación Provincial da Coruña.

2º.- Poñer en coñecemento da deputación outras axudas que lle sexan concedidas para a mesma finalidade, distintas das previstas neste convenio. A achega provincial reducirase na medida que a axuda percibida minore o custo do proxecto financiado.

Malia o previsto para o sistema de pagamentos, o Fondo Galego poderá solicitar o aboamento da achega provincial correspondente á documentación xustificativa presentada. En ningún caso a achega provincial excederá do 61,31 % do importe xustificado.

TERCEIRA: DIRECCIÓN TÉCNICA DO CONVENIO

A dirección técnica do presente convenio corresponderalle ao Servizo de Planificación, Desenvolvemento Territorial e Unión Europea.

CUARTA: VIXENCIA DO CONVENIO

O presente convenio estará en vigor durante o ano 2007, ata a terminación da actividade obxecto de financiamento, salvo que o Fondo Galego solicite motivadamente unha prórroga para a súa xustificación. En ningún caso o convenio producirá efectos despois do 30 de xuño de 2008.

QUINTA: INTERPRETACIÓN E RÉXIME XURÍDICO

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio integraraas, interpretaraas e resolveraas motivadamente a Deputación da Coruña, de acordo co disposto no presente convenio e na normativa española aplicable, principalmente na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, o seu regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, e as Bases de execución do orzamento da Deputación da Coruña para 2007.

Malia o indicado no parágrafo anterior, calquera das partes poderá emprender as accións xurisdicionais que considere oportunas, declarándose neste mesmo convenio sometidas ambas as dúas partes ao foro xurisdiccional dos órganos da Administración de Xustiza que foran competentes no ámbito da Coruña.

SEXTA: CAUSAS DE RESOLUCIÓN

Será causa de resolución do presente convenio e dará lugar, no seu caso, ao reintegro das cantidades percibidas:

- O incumprimento das cláusulas nel establecidas.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintas dos nel determinados.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades percibidas.

No caso de solicitarse o reintegro, a aplicación dos xuros de mora correspondentes non procederá cando o incumprimento obedecese a causa non imputable á entidade beneficiaria.

Para todo o non previsto no presente convenio estarase ao disposto na Lei 38/2003, xeral de subvencións.

En proba de conformidade dos intervinientes coa totalidade das estipulacións arriba consignadas, ambos os dous asinan o presente instrumento convencional, por exemplar cuadruplicado, no lugar e data do seu encabezamento.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo plenario con data do de 2007

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA	O PRESIDENTE DO FONDO GALEGO DE COOPERACIÓN E SOLIDARIEDADE
SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA	ALFREDO NOVOA GIL

12.-APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA COA FINALIDADE DE ADQUIRIR E POSTERIORMENTE DOAR Á ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA (NA CORUÑA), UN VEHÍCULO PARA O TRANSPORTE DE USUARIOS DO CENTRO DE DÍA DA TERCEIRA IDADE DA BISBARRA DE FERROLTERRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º. Aprobar o texto do convenio de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e a Asociación Detente e Axuda coa finalidade de adquirir e posteriormente doar á Asociación Detente e Axuda (na Coruña), un vehículo para o transporte de usuarios do Centro de Día da Terceira Idade da Comarca de Ferroltera cunha achega provincial máxima de 42.000,00€ (o que representa unha porcentaxe de financiamento do 100%)”

Nº /2007

CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E A ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA PARA A DOAZÓN DUN VEHÍCULO, PARA O TRANSPORTE DOS USUARIOS DO CENTRO DE DÍA DA TERCEIRA IDADE DA BISBARRA DE FERROLTERRA

A Coruña, de dous mil sete

REUNIDOS

Dunha parte o Excmo. Sr. presidente da Deputación Provincial da Coruña, DON SALVADOR FERNÁNDEZ MOREDA.

E doutra D. , presidente da *ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA*

Ambas as dúas partes recoñécense mutuamente a competencia e capacidade necesarias para asinar o presente convenio, e para o efecto

EXPOÑEN:

1.-A *ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA* é unha entidade sen ánimo de lucro fundada en Ferrol en 1978 e cuxas fins se enmarcan dentro dos denominados de interese xeral pola Lei de asociacións e a Lei de voluntariado; tal e como consta nos estatutos desta entidade ten entre as súas fins cantas actividades contribúan á promoción e desenvolvemento dos servizos sociais e sociosanitarios, tanto desde o punto de vista da atención como da educación, protección e representación.

2.- A deputación reconece o importante labor que realiza a *ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA* en todas as súas actuacións e especialmente co desenvolvemento dos servizos sociais, e por iso considérase necesario formalizar un convenio de colaboración de acordo ás seguintes

CLÁUSULAS:

PRIMEIRA.- OBXECTO

A deputación adquirirá de acordo aos trámites dispostos na normativa reguladora da contratación das Corporacións locais, un *VEHÍCULO*, con destino á *ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA*, *PARA O TRANSPORTE DOS USUARIOS DO CENTRO DE DÍA DA TERCEIRA IDADE DA BISBARRA DE FERROLTERRA*

SEGUNDA.- FINANCIAMENTO

A Deputación Provincial da Coruña financiará o citado vehículo cunha achega máxima de 42.000,00 euros a través do outorgamento dunha subvención de carácter nominativo á *ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA*.

Esta achega supón unha porcentaxe de financiamento do 100% do total dos gastos; facendo constar que non haberá achegas doutras entidades públicas ou privadas en relación co obxecto deste convenio.

TERCEIRA.- A deputación doará gratuitamente o citado vehículo á *ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA* .

CUARTA.- A *ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA* correrá cos gastos de uso, mantemento, reparacións e seguros.

QUINTA.- Así mesmo a *ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA* comprométese a manter durante toda a vida útil do vehículo, a rotulación onde conste que foi doado pola Deputación Provincial da Coruña.

SEXTA.- O vehículo adaptado destinarase exclusivamente a fins propias da *ASOCIACIÓN DETENTE E AXUDA* . En caso contrario, reverterán automaticamente á deputación.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o día

Así o din, asinan e outorgan por exemplar cuadruplicado no lugar e data fixados no encabezamento.

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O PRESIDENTE DA *ASOCIACIÓN
DETENTE E AXUDA*

Asdo: Salvador Fernández Moreda

Asdo:

13.-TOMA EN COÑECEMENTO DO PLAN ESTRATÉXICO PROVINCIAL 2007-2013.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º. Tomar coñecemento da resolución de Presidencia número 7.902 do quince de maio de dous mil sete pola que se aproba a versión definitiva do Plan estratéxico da provincia da Coruña 2007-2013, cuxo texto se recolle no libro “Plan estratéxico da provincia da Coruña /2007-2013” editado pola deputación (Depósito legal C 1523-2007)”

14.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DO PROXECTO DA OBRA “ASEOS CASA DO CONCELLO E CENTRO SOCIAIS DE SANTAIA E ILLANA” DO CONCELLO DE CURTIS, INCLUÍDA NA 1ª FASE DO PLAN ESPECIAL DE ELIMINACIÓN DE BARREIRAS ARQUITECTÓNICAS 2006. CÓDIGO 06.3230.0057.0.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º. Aprobar a modificación do proxecto técnico da obra denominada “Aseos casa consistorial e centro sociais de Santaia e Illana” do Concello de Curtis, incluída na 1ª fase do Plan especial de eliminación de barreiras arquitectónicas 2006. Código 06.3230.0057.0, que foi aprobada en sesión plenaria da deputación celebrada o día 29 de xuño de 2006, cun orzamento de contrata de 14.144,22 euros, xa que introduce algunha modificación das actuacións previstas no proxecto técnico inicial, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

Código	Concello	Denominación	Deputación	Concello	Orzamento Total
2006.3230.0057.0	Curtis	Aseos da casa do concello e centros sociais de Santaia e Illana	14.144,22		14.144,22

15.-APROBACIÓN DA MODIFICACIÓN DE PROXECTO DA OBRA “PAVIMENTACIÓN DE RÚAS E CAMIÑOS DO XESTAL A O BARRAL” DO CONCELLO DE MONFERO, INCLUÍDA NO PLAN ADICIONAL 1/2005 AO PLAN DE INVESTIMENTOS LOCAIS 2005. CÓDIGO 05.3201.0263.0

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1º. Aprobar a modificación do proxecto técnico da obra denominada “Pavimentación de rúas e camiños de Xestal ao Barral” do Concello de Monfero, incluída na 1ª fase do Plan adicional 1/2005 ao Plan de investimentos locais 2005, código 2005-3201-0263.0, que foi aprobada mediante a resolución do presidente da deputación número 20.982 con data do 9 de novembro de 2006, cun orzamento de contrata de 31.002,80 euros, xa que introduce algunhas modificacións das actuacións previstas no proxecto

técnico inicial, pero sen alterar o orzamento da obra nin o orzamento do plan no seu conxunto.”

Código	Concello	Denominación	Deputación Fondos Propios	Achega concello	Orzamento Total
2005-3201-0263.0	Monfero	Pavimentación rúas e camiños de Xestal ao Barral	10.070,55	20.932,25	31.002,80

16.-APROBACIÓN PROVISIONAL DA 2ª RELACIÓN DO PLAN DE TRAVESÍAS 2007, 2ª FASE, INTEGRADA POLO PROXECTO DE ADECUACIÓN DA ESTRADA EN MARIÑÁN (BERGONDO).

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente a 2ª relación do Plan de travesías 2007, 2ª fase, integrada polo proxecto que se relaciona por ser o que se axusta ao disposto no Texto refundido das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os concellos para executaren os proxectos que se inclúen nas distintas fases do Plan de travesías provinciais 2004-2007

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0711300002.0	ADECUACIÓN DA ESTRADA EN MARIÑÁN (BERGONDO)	59.923,26
TOTAL		59.923,26

2.- Expoñer ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentarse reclamacións.

3.- Polo que se refire á contratación das obras esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan.”

17.-APROBACIÓN PROVISIONAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2007, 2ª FASE, MODIFICADO Nº 1 DA TRAVESÍA NA E.P. 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO, PK. 0,000 A 3,120, 1ª FASE-CULLEREDO, E DESESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS E RATIFICACIÓN DA SOLICITUDE DE DECLARACIÓN DE URXENTE OCUPACIÓN Á XUNTA DE GALICIA DOS BENS E DEREITOS AFECTADOS POLA EXPROPIACIÓN DA OBRA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar provisionalmente o PLAN DE TRAVESÍAS 2007 2ª FASE integrado polos proxectos que se relacionan por seren os que se axustan ao disposto no TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAREN OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUIR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007.

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0511300017.0	MODIFICADO Nº 1 DO DA TRAVESÍA NA E.P. 3109 VILABOA A PEIRO POR TARRÍO PK 0,000 AO 3,120 (1ª FASE) (CULLEREDO)	819.863,29
TOTAL.....		819.863,29

2.- Expoñer ao público, unha vez aprobados provisionalmente, por un prazo de 10 días para os efectos de reclamacións, entendéndose definitivamente aprobado o plan e os proxectos que o integran no caso de non presentárense reclamacións.

3.- Desestimar as alegacións presentadas dado que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, tal como:

- No primeiro tramo que vai a partir do entronque coa N550 no lugar de Vilaboa (pk 6,60) e nos primeiros 800 metros ten unha pendente media do 9% ata a entrada do Aero Club e intersección coa estrada de acceso á Zapateira
- En todo este tramo o ancho da calzada é de 6 metros e está bordeada por diversas edificacións e peches chegando a distancias do eixe inferiores ao 1,5m, sendo salientable a proximidade do edificio situado na marxe esquerda no interior da curvado PK 0+610, restando visibilidade en ambas direccións. O trazado neste tramo adáptase ao terreo mediante curvas e contracurvas de pequeno radio entre 30 e 150 metros, que proporcionan escasa visibilidade e impiden o adiantamento en todo o traxecto.
- O punto máis alto da estrada, pk 0,755, entronca pola súa marxe dereita a estrada de acceso á Zapateira, coincidindo frontalmente coa entrada ás instalacións do Aero Club, o que converte este punto en especialmente conflictivo ao coincidir esta intersección cun cambio de rasante.
- Proxéctase a ampliación da plataforma no tramo da estrada entre os PK 0,000 ao 0,840 para a habilitación de cadanseu aparcadoiro en liña por ambas marxes, execución de seis paradas de autobús e construción de beirarrúas cunha dotación completa de servizos públicos (drenaxe de pluviais, saneamento, abastecemento de auga, iluminación pública e canalizacións de electricidade e telefonía).
- Existe un punto singular entre os PK 0+030-0+050, marxe dereita, a existencia dun noiro do desmonte dunha altura aproximada de 7 metros non permite o encaixe en planta a sección proxectada polo que se elimina a liña de aparcamento.
- Proxéctase unha ligazón final do tramo coa estrada de acceso á Zapateira e o camiño de acceso ao Aero Club mediante unha glorieta pechada de 24 metros de diámetro.
- Hai que ter en conta así mesmo a existencia de curvas perigosas con pequeno radio,

o estado do firme, e o ancho da calzada con dimensións inferiores ás necesidades de viandantes e vehículos.

4.- Solicitarlle á Xunta de Galicia a declaración de urxente ocupación dos bens e dereitos afectados pola expropiación a que dea lugar a realización das obras de conformidade co artigo 52 da Lei de expropiación forzosa e Orde do 7 de decembro de 1983 da Consellaría da Presidencia e con base nos informes que constan no expediente, tendo en conta que existen razóns de urxencia que fan necesaria a execución das citadas obras, coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana, tal como:

- No primeiro tramo que vai desde o entronque coa N550 no lugar de Vilaboa (pk 6,60) e nos primeiros 800 metros ten unha pendente media do 9% ata a entrada do Aero Club e intersección coa estrada de acceso á Zapateira
- En todo este tramo o ancho da calzada é de 6 metros e está bordeada por diversas edificacións e peches chegando a distancias do eixe inferiores ao 1,5m, sendo salientable a proximidade do edificio situado na marxe esquerda no interior da curva do PK 0+610, restando visibilidade en ambas direccións.
- O trazado neste tramo adáptase ao terreo mediante curvas e contracurvas de pequeno radio entre 30 e 150 metros, que proporcionan escasa visibilidade e impiden o adiantamento en todo o traxecto.
- O punto máis alto da estrada, pk 0,755, entronca pola súa marxe dereita a estrada de acceso á Zapateira, coincidindo frontalmente coa entrada ás instalacións do Aero Club, o que converte este punto en especialmente conflitivo ao coincidir esta intersección cun cambio de rasante.
- Proxéctase a ampliación da plataforma no tramo da estrada entre os PK 0,000 ao 0,840 para a habilitación de cadanseu aparcadoiro en liña por ambas marxes, execución de seis paradas de autobús e construción de beirarrúas cunha dotación completa de servizos públicos (drenaxe de pluviais, saneamento, abastecemento de auga, iluminación pública e canalizacións de electricidade e telefonía).
- Existe un punto singular entre os PK 0+030-0+050, marxe dereita, a existencia dun nóiro do desmorte dunha altura aproximada de 7 metros non permite o encaixe en planta a sección proxectada polo que se elimina a liña de aparcamento.
- Proxéctase unha ligazón final do tramo coa estrada de acceso á Zapateira e o camiño de acceso ao Aero club mediante unha glorieta pechada de 24 metros de diámetro.
- Hai que ter en conta así mesmo a existencia de curvas perigosas con pequeno radio, o estado do firme, e o ancho da calzada con dimensións inferiores ás necesidades de viandantes e vehículos.
- proporcionar maior seguridade aos viandantes á hora de circular pola estrada e permitir o estacionamento circunstancial de vehículos

Todo iso coa fin de evitar o altísimo risco de accidentes con perigo para a vida humana.

A RELACIÓN DE PROXECTOS PARA A SOLICITUDE Á XUNTA DE GALICIA É

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	IMPORTE DAS EXPROPIACIÓNS
0511300017.0	MODIFICADO Nº 1 DO DA TRAVESÍA NA E.P. 3109 VILABOIA A PEIRO POR TARRÍO PK 0,000 AO 3,120 (Iº FASE) (CULLEREDO)	183.708,41
TOTAL.....		183.708,41

5.- Polo que se refire á contratación das obras, esta será obxecto de expediente independente que se tramitará unha vez que se aprobe definitivamente o plan e consten as correspondentes autorizacións e permisos así como a dispoñibilidade dos terreos.

6.- Os gastos derivados do traslado de postes de telefonía (36.885,10 euros) e de electricidade (62.166,21 euros) e que ascende ao importe máximo de 99.051,31 euros serán sufragados polo Concello de Culleredo de conformidade co disposto no TEXTO REFUNDIDO DAS BASES DE COLABORACIÓN ENTRE A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E OS CONCELLOS PARA EXECUTAREN OS PROXECTOS QUE SE HAN INCLUÍR NAS DISTINTAS FASES DO PLAN DE TRAVESÍAS PROVINCIAIS 2004-2007, no prazo de tres meses unha vez comunicado pola deputación o custo real e efectivo deles”

18.-APROBACIÓN DO PROXECTO REFORMADO DE ENSANCHE E ACONDICIONAMENTO DA E.P. 3608 DE FEIRA DO 2 EN SERANTES A DONIÑOS, PK. 0,00 A 1,200 FERROL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o proxecto reformado de ensanche e acondicionamento da E.P. 3608 de Feira do 2 en Serantes a Doniños, pk. 0,00 ao 1,200 Ferrol, polo seu orzamento de contrata de 1.070.719,74 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 178.252,16 euros.

2.- Formalizar en documento administrativo, co adxudicatario do contrato primitivo, as modificacións do contrato, que aplicando a baixa de adxudicación supoñen un novo orzamento de adxudicación de 740.295,62 euros, que representa un incremento respecto ao primitivo de 123.243,55 euros.

3.- Modificar a contía da garantía definitiva que queda incrementada na cantidade de 4.929,74 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación dentro do prazo máximo de 15 días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando por tanto fixada a garantía co citado incremento na cantidade de 29.611,82 euros.”

19.-APROBACIÓN INICIAL DO PLAN DE TRAVESÍAS 2007 4ª FASE DA OBRA TRAVESÍA NA E.P. 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRÍA, PK. 10,700 A 10,950-MAZARICOS.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar inicialmente o Plan de travesías 2007,4ª fase cun orzamento total de 74.820,57 euros e que é a que a continuación se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
--------	--------------	-----------

0711300005.0	TRAVESÍA NA E.P. 3404 SERRA DE OUTES A DUMBRIA (PK. 10,700 AO 10,950) MAZARICOS	74.820,57
TOTAL		74.820,57

Esta aprobación inicial ten o carácter de simple programación, que non xera, polo tanto, ningún compromiso económico nin de execución para a deputación ata que se acredite que existe crédito adecuado e suficiente e se aprobe definitivamente o plan ou a correspondente fase del.

2.- Remitirlles os citados proxectos aos concellos correspondentes para os efectos da adopción dos acordos e remisión da documentación a que se refire a base 3ª das bases de colaboración entre a Deputación Provincial da Coruña e os Concellos para a execución dos proxectos que se han incluír nas distintas fases do Plan de travesías 2004-2007, aprobadas polo Pleno en sesión celebrada o 28/04/05 (BOP 107/12-5-2005).”

20.-APROBACIÓN DO PLAN DE VÍAS PROVINCIAIS 2007, 5ª FASE, INTEGRADO POLO PROXECTO DE ACONDICIONAMENTO DO ACCESO AO POLÍGONO INDUSTRIAL DE MAZARICOS DENDE A E.P. 3404.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o Plan de vías provinciais 2007 5ª fase, integrado polos proxectos que a continuación se relacionan e tomar en consideración os proxectos incluídos nel, cun orzamento total de 93.533,42 euros, podéndose financiar con cargo á aplicación 0401/511B/611.02 e que se detalla:

CÓDIGO	DENOMINACIÓN	ORZAMENTO
0711100011.0	ACONDICIONAMENTO DO ACCESO AO POLIGONO INDUSTRIAL DE MARZARICOS DESDE A E.P. 3404-CONCELLO DE MARZARICOS	93.533,42
TOTAL		93.533,42

2.- Expoñer ao público os proxectos mediante un anuncio que se ha publicar no Boletín Oficial da Provincia nun prazo de dez días para os efectos de reclamacións, transcorrido o cal sen que estas se produzan, consideraranse definitivamente aprobados.”

21.-FORMALIZACIÓN DUN CONVENIO ADMINISTRATIVO PARA FINANCIAR O PROXECTO “CREACIÓN WEB CULTURA GALEGA” UNIVERSIDADE DA CORUÑA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

"1.- Aprobar o texto do convenio que se ha subscribir entre a Excm. Deputación Provincial da Coruña e a Universidade da Coruña, para financiar o proxecto "Creación Web Cultura Galega"

2.- A achega provincial prevista no convenio ascende a un total de 72.000,00 euros, (IVE incluído) o que supón o 100% do presuposto dos traballos que se han realizar.

A achega poderá facerse efectiva, de acordo coas previsións e requisitos fixados no convenio con cargo á Partida orzamentaria 0305/451F/489.01

3.- O texto íntegro do convenio é o seguinte:

CONVENIO ENTRE A EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA COA
UNIVERSIDADE DA CORUÑA PARA
SUBVENCIÓN DA CREACIÓN DA WEB CULTURA GALEGA

A Coruña, a de de 2006

REUNIDOS

Dunha parte, o Excmo. Sr. D. Salvador Fernández Moreda, Presidente da Excm. Deputación Provincial da Coruña.

Doutra, o Excmo. Sr. D. José María Barja Pérez, Rector da Universidade da Coruña.

Actuando no exercicio dos seus respectivos cargos e na representación que desempeñan, e recoñecéndose reciprocamente capacidade para obrirse nos termos deste documento.

MANIFESTAN

1. A Deputación Provincial da Coruña está comprometida coa conservación, mantemento e difusión de todo o referente ao patrimonio cultural galego, e moi especialmente coa súa lingua e patrimonio documental e monumental . Doutra banda, a Deputación vén desenvolvendo un amplo programa de actuacións orientado á utilización das novas tecnoloxías como medio privilexiado de comunicación, e á difusión de información relevante para a cidadanía.
2. A Universidade da Coruña, creada por Lei 11/89 do 20 de xullo, conta, como centros propios, coa Facultade de Informática e a Facultade de Filoloxía, onde profesionais ligados ao mundo das novas tecnoloxías e ao da lingua e literaturas galegas, desenvolven os seus traballos de investigación.
3. O Laboratorio de Bases de Datos dirixido por Nieves R. Brisaboa, da área de Linguaxes e Sistemas Informáticos, ten colaborado no pasado con profesores da área de Filoloxía Galega-

Portuguesa coordinados por Pilar García Negro para a realización de diferentes proxectos de interese para a cultura Galega. Entre eles destaca o da Biblioteca Virtual Galega, financiado parcialmente pola Excmá Deputación Provincial, que é un proxecto multidisciplinar nacido dentro da Universidade da Coruña e onde os contidos literarios e a información sobre o patrimonio monumental galego son presentados en Web a través das seccións “*biblioteca*” e “*viaxe virtual*” respectivamente. A BVG é un proxecto exitoso que ten recibido ate o momento case 800.000 visitas nos seus tres anos de existencia.

4. Ambas as institucións coinciden en valorar positivamente a BVG como un medio óptimo para a difusión da lingua e literatura galegas e do seu patrimonio monumental, mais entenden que hai aspectos importantes do patrimonio documental e monumental galego que fican fóra do devandito proxecto e que deberían ser obxecto dun convenio específico para o que deciden asinar este novo convenio.

Por todo isto,

ACORDAN

Formalizar un convenio conforme ás seguintes cláusulas:

1^a) **OBXECTO:** Este convenio ten como obxecto a creación dunha aplicación Web que denominaremos Web Cultura Galega que pretende ser fortemente interactiva invitando ao público cibernauta a participar no proxecto motivando así que melloren a súa valoración e coñecemento do rico patrimonio cultural Galego. Esta Web estará adicada a publicación de dous tipos de fondos. Dunha banda incluírá documentos escritos por autores galegos que non sexan estritamente obras literarias propias (prólogos de libros, discursos, cartas reseñas de obras, comentarios e críticas, etc.) e dicir, incluírá, en xeral, textos históricos de valor e paratextos. Doutra banda e mediante tecnoloxía de Sistemas de Información Xeográfica publicarase mediante unha interfaz en forma de mapa toda a información relevante sobre monumentos galegos (datos do monumento e coleccións fotográficas sobre el).

2^a) **EQUIPO DE TRABALLO:** A realización de todos os traballos será responsabilidade da profesora titular da Área de Linguaxes e Sistemas Informáticos da Universidade da Coruña, Dra. Nieves Rodríguez Brisaboa, que contará en todo momento coa colaboración da profesora Titular de Universidade, da área de Filoloxía Galego-Portuguesa, Dra. Pilar García Negro. Ademais, un equipo de profesores/as e bolseiros/as, procedentes das dúas citadas áreas de coñecemento, colaborarán nos traballos.

Para a realización destes traballos contéplase tamén a posibilidade de contratar, para aquelas tarefas que non teñan unha clara compoñente investigadora, persoal externo á Universidade ou mesmo empresas que desenvolvan labores de administración, dixitalización de documentos ou desenvolvemento do software segundo o caso, debéndose estar ao disposto no “*Reglamento para la Contratación de Trabajos de Carácter Científico, Técnico o Artístico o para el desarrollo de Cursos de Especialización*”, aprobado pola Xunta de Goberno da citada Universidade o 14.6.93

3^a) **PRAZO DE EXECUCIÓN:** Este convenio terá unha duración de 12 meses, contados desde o día da data de firma do convenio. Pasado ese período será posíbel tanto prorrogar de mutuo acordo

o presente convenio, como asinar un novo convenio onde outros socios poidan axudar no financiamento da WEB DA CULTURA GALEGA.

4ª) **ORZAMENTO:** O orzamento para a execución do presente convenio cífrase na cantidade de SETENTA E DOUS MIL euros (72.000 EUR), que serán abonados e xustificados durante os 12 meses. A seguir da sinatura do convenio. Non se inclúe neste orzamento a cantidade que aporta a Universidade da Coruña en concepto de infraestrutura e equipamentos, que non será obxecto de compensación pola Deputación da Coruña, xa que estas achegas corresponden ao esforzo subvencionador que realiza a Universidade da Coruña.

5ª) **FORMA DE PAGO:**

O pago da achega provincial realizarase logo da presentación previa da certificación ou certificacións dos gastos efectuados e certificación acreditativa das achegas públicas ou privadas concedidas para a mesma finalidade ou declaración expresa de non ter recibido ningunha se fora o caso. Asemade acompañarase memoria técnica que detalle a execución das accións executadas en cumprimento do convenio. Tamén se acompañará documento acreditativo de atoparse ó corrente do cumprimento das súas obrigas tributarias e das súas obrigas coa Seguridade Social e certificación de cumprimento da finalidade para a que vai referida a subvención.

No suposto de non xustificar a totalidade do gasto previsto minorarase a achega da Deputación mediante a aplicación do coeficiente de financiamento ó importe realmente xustificado. No caso de que os gastos xustificados foran superiores ó presuposto da actividade, a achega da Deputación non superará a cantidade máxima establecida como achega provincial. En todo caso a achega provincial limitarase ós gastos efectivamente xustificados antes do 30 novembro 2007.

Estes pagos efectuaranse tras a previa entrega dun informe, onde se inclúa unha descrición detallada dos traballos realizados. Ademais, o devandito informe terá unha detallada información estatística respecto aos accesos recibidos nas diferentes seccións da Web que se constrúa como obxecto deste convenio. Doutra banda a universidade fará entrega dunha certificación dos gastos realizados imputados ao proxecto

6ª) **DESCRIPCIÓN DOS TRABALLOS:**

Os traballos que se han desenvolver durante os 12 meses seguintes á sinatura do convenio son:

- Deseño e desenvolvemento do contorno Web que servira de sede aos fondos
- Deseño e desenvolvemento da aplicación GIS para a representación no mapa dos diferentes monumentos
- Deseño e desenvolvemento das aplicacións precisas para a captura dos dous tipos de fondos.
- Recolección dos fondos documentais, dixitalización e publicación deles
- Recolección das primeiras mostras de material fotográfico e da información sobre os diferentes monumentos que se introducirán na Web.

7ª) **APOIO POR PARTE DA UNIVERSIDADE DA CORUÑA:** A Universidade da Coruña, que apoiou sempre os proxectos encamiñados a promoción e conservación da cultura Galega, comprométese a facilitar a utilización dos espazos correspondentes das distintas áreas na Universidade, e os equipos informáticos existentes nelas.

9ª) PROPIEDAD INTELECTUAL.

A propiedade intelectual de todo o software, dos fondos documentais é do equipo informático que o diseña e implementa. O equipo de desenvolvemento do proxecto e a Excma. Deputación provincial recibirán unha copia de todos os materiais en soporte informático se así o desexa.

10ª) **VIXENCIA:** O presente convenio terá unha vixencia inicial de 12 meses, contados desde o día seguinte da súa formalización, aínda que se prevé que pola magnitude da información que se pretende recolectar e publicar precise sucesivas renovacións en anos sucesivos.

11ª) **LEXISLACIÓN SUPLETORIA:** No non disposto no presente convenio, rexerá o establecido polos Contratos de Prestación de Servizos na Lei de Contratación das Administracións Públicas e lexislación subsidiaria aplicable ao caso.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado en sesión ordinaria celebrada o día

O PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN

O RECTOR DA UNIVERSIDADE

ANEXO I

Descrición do orzamento

Os principias ítems de gasto son:

Concepto	Importe
Pago a profesorado da UDC polos seus traballos técnicos ou de dirección e supervisión. E pago de bolseiros.	32.000
Contratación do material fotográfico.	15.000
Compra de software baseado en open source especializado en GIS	20.000
Pago de profesionais alleos a universidade por traballos do seu ámbito de especialidade e pagos en xeral de dereitos de autor.	5.000
TOTAL:	72.000

22.-PROPOSTA DE MODIFICACIÓN DO CADRO DE ACTUACIÓNS DA 1ª ANUALIDADE E APROBACIÓN DE ACTUACIÓNS DA 2ª ANUALIDADE DO PLAN DE DINAMIZACIÓN TURÍSTICA DE FERROL-ORTEGAL.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.-Aprobar a modificación das actuacións da primeira anualidade e aprobar as actuacións de segunda anualidade do Plan de Dinamización de Produto Turístico, segundo o acordado pola Comisión de Seguimento do convenio na sesión do 02 de maio de 2007.

2.- As actuacións definitivas da primeira anualidade do plan quedarían establecidas de acordo cos seguintes cadros nos que aparecen reflectidos os seus contidos (cadro nº. 1) e a análise comparativa das actuacións na situación inicial e a modificada (cadro nº. 2).

PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL (1ª ANUALIDADE)		
Nº DE ACTUACIÓN	ACTUACIÓNS 1ª	ORZAMENTO ACTUALIZADO
1	IDENTIDADE CORPORATIVA	11.440,00 €
1.1	Creación e deseño de marca (logo); Manual de identidade	10.440,00 €
1.2	Rexistro e protección de marca	1.000,00 €
2	PROMOCIÓN PDPT	17.616,40 €
2.1	Tríptico plan	1.983,60 €
2.2	Mapa	7.632,80 €
2.3	Banco de Imaxes	8.000,00 €
3	XORNADAS PROFESIONAIS	10.480,00 €
3.1	Asistencia a FITUR	5.000,00 €
3.2	Asistencia a SITC	2.000,00 €
3.3	Foro de debate/mesas de traballo con axentes públicos e privados	0,00 €
3.4	Campaña Garfo de Ouro	3.480,00 €
4	CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN	13.028,98 €
4.1.	Campaña de publicidade evento Equiocio	6.028,98 €
4.2.	Material promocial	5.080,00 €
4.3	Merchandising. Pombas de Sto André	1.920,00 €

5	SINALIZACIÓN	40.000,00 €
5.1	Paneis de acceso aos municipios co texto de destino piloto do PDPT.	12.000,00 €
5.2	Elaboración dun plan de sinalización turística do destino	28.000,00 €
6	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	72.807,51 €
6.1	Camiños Milenarios de San Andrés de Teixido (1ª fase)	36.792,51 €
6.2	Proxecto técnico de rutas (1ª fase)	27.615,00 €
6.3	Interpretación do patrimonio natural e cultural de Mugarbos (I) (Contidos)	8.400,00 €
7	PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CALIDADE TURÍSTICA	30.000,00 €
7.1	Implantación do MACT (1ª fase)	30.000,00 €
8	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E RECEPCIÓN DE VISITANTES	295.649,11 €
8.1	Centros de recepción	0,00 €
8.2	Ordenadores	19.200,00 €
8.3	Impresoras	4.500,00 €
8.4	Casetas de información turística	100.000,00 €
8.5	Creación dunha oficina de información turística no Castelo de Moeche	21.000,00 €
8.6	Equipamento punto de información turística de Neda	5.949,11 €
8.7	Oficina de Turismo Itinerante (Bus turístico)	145.000,00 €
9	POTENCIACIÓN DO TURISMO NÁUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	145.163,00 €
9.1	Apoio ao Pantín Classic	25.000,00 €
9.2	Apoio a Clinic de Golf	12.000,00 €
9.3	BicicletAres (aparcadoiros para bicicletas)	44.056,49 €
9.4	Realización de material informativo adaptado ao braille	7.040,00 €
9.5	Adaptación de paneis ao braille	7.000,00 €
9.6	Embarcacións a vela adaptadas a discapacitados (4)	40.385,00 €
9.7	Creación de paquete de cicloturismo	9.681,51 €
10	PÁXINA WEB	30.000,00 €
10.1	Deseño, desenvolvemento de páxina web	30.000,00 €
11	PERFIL TURISTA E ESTUDO DE MERCADO	12.000,00 €

11.1	Estudo do mercado turístico e perfil do turista	12.000,00 €
12	XERENCIA DO PLAN	36.000,00 €
12.1	Xerencia do PDPT (01.12.06-31.07.07)	36.000,00 €
	TOTAL	714.185,00 €

Nº ACT.	ACTUACIÓN 1ª	INVESTIMENTO INICIAL	ALTAS	BAIXAS	INVESTIMENTO FINAL
1	IDENTIDADE CORPORATIVA	30.000,00 €		18.560,00 €	11.440,00 €
1.1	Creación e deseño de marca (logo); Manual de identidade	12.000,00 €			10.440,00 €
1.2	Rexistro e protección de marca	Pte de concretar			1.000,00 €
2	PROMOCIÓN PDPT	18.000,00 €		383,60 €	17.616,40 €
2.1	Triptico plan	2.000,00 €			1.983,60 €
2.2	Mapa	8.000,00 €			7.632,80 €
2.3	Banco de Imaxes	8.000,00 €			8.000,00 €
3	XORNADAS PROFESIONAIS	12.500,00 €		2.020,00 €	10.480,00 €
3.1	Asistencia a FITUR	5.000,00 €			5.000,00 €
3.2	Asistencia a SITC				2.000,00 €
3.3	Foro de debate/mesas de traballo con axentes públicos e privados	7.500,00 €			0,00 €
3.4	Campaña Garfo de Ouro				3.480,00 €
4	CAMPAÑA DE CONCIENCIACIÓN	14.500,00 €		1.471,02 €	13.028,98 €
4.1.	Campaña de publicidade evento Equiocio				6.028,98 €
4.2.	Material promocial				5.080,00 €
4.3	Merchandising. Pombas de Sto André				1.920,00 €
5	SINALIZACIÓN	40.000,00 €			40.000,00 €
5.1	Paneis de acceso aos municipios co texto de destino piloto do PDPT.	12.000,00 €			12.000,00 €
5.2	Elaboración dun plan de sinalización turística do destino	28.000,00 €			28.000,00 €
6	CREACIÓN DE RUTAS TEMÁTICAS	72.185,00 €	622,51 €		72.807,51 €
6.1	Camiños Milenarios de San Andrés de Teixido (1ª fase)				36.792,51 €
6.2	Proxecto técnico de rutas (1ª fase)				27.615,00 €
6.3	Interpretación do patrimonio natural e cultural de Mugarbos (I) (Contidos)				8.400,00 €
7	PROGRAMA DE PROMOCIÓN DA CALIDADE TURÍSTICA	30.000,00 €			30.000,00 €

7.1	Implantación do MACT (1ª fase)	30.000,00 €			30.000,00 €
8	INFRAESTRUTURAS DE INFORMACIÓN TURÍSTICA E RECEPCIÓN DE VISITANTES	345.000,00 €		49.350,89 €	295.649,11 €
8.1	Centros de recepción	Pte. de concretar			0,00 €
8.2	Ordenadores	19.200,00 €			19.200,00 €
8.3	Impresoras	Pte de concretar			4.500,00 €
8.4	Casetas de información turística	100.000,00 €			100.000,00 €
8.5	Creación dunha oficina de información turística no Castelo de Moeche				21.000,00 €
8.6	Equipamento punto de información turística de Neda				5.949,11 €
8.7	Oficina de Turismo Itinerante (bus turístico)				145.000,00 €
9	POTENCIACIÓN DO TURISMO NÁUTICO E DEPORTIVO, SOSTIBLE E ACCESIBLE	50.000,00 €	95.163,00 €		145.163,00 €
9.1	Apoio ao Pantín Classic	25.000,00 €			25.000,00 €
9.2	Apoio a Clinic de Golf				12.000,00 €
9.3	BicicletAres (aparcadoiros para bicicletas)				44.056,49 €
9.4	Realización de material informativo adaptado ao braille				7.040,00 €
9.5	Adaptación de paneis ao braille				7.000,00 €
9.6	Embarcacións a vela adaptadas a discapacitados (4)				40.385,00 €
9.7	Creación de paquete de cicloturismo				9.681,51 €
10	PÁXINA WEB	30.000,00 €			30.000,00 €
10.1	Deseño, desenvolvemento de páxina web	30.000,00 €			30.000,00 €
11	PERFIL TURISTA E ESTUDO DE MERCADO	12.000,00 €			12.000,00 €
11.1	Estudo do mercado turístico e perfil do turista	12.000,00 €			12.000,00 €
12	XERENCIA DO PLAN	60.000,00 €		24.000,00 €	36.000,00 €
12.1	Xerencia do PDPT (01.12.06-31.07.07)	60.000,00 €			36.000,00 €
	TOTAL	714.185,00 €	95.785,51 €	95.785,51 €	714.185,00 €

3.- Aprobar as actuacións da segunda anualidade do Plan de dinamización do produto turístico Ferrol-Ortegal de acordo co contido do seguinte cadro no que se detalla o seu financiamento polas administracións asinantes do convenio: central, autonómica e local, e segundo o acordado pola Comisión de Seguimento do convenio na sesión do 02 de maio de 2007

PLAN DE DINAMIZACIÓN DE PRODUCTO TURÍSTICO FERROL-ORTEGAL (2ª ANUALIDADE)					
Nº	ACTUACIÓNS	Deputación	Xunta	Estado	TOTAL
1	Creación de novos produtos turísticos arredor dos camiños de peregrinaxe (I)	61.905,10 €	63.105,62 €	70.669,54 €	195.680,26 €
1.1	A Galaxia Imaxinaria (Fene)	61.905,10 €	63.105,63 €	70.669,54 €	195.680,26 €
2	Creación de novos produtos turísticos para persoas con discapacidades (I)	46.070,25 €	46.963,69 €	52.592,81 €	145.626,75 €
2.1	Creación dun novo produto turístico vinculado ao deporte para persoas con discapacidades (Base náutica) Valdoviño	46.070,25 €	46.963,69 €	52.592,81 €	145.626,75 €
3	Posta en valor dos recursos arredor da ruta medieval (I)	27.979,17 €	28.521,77 €	31.940,42 €	88.441,36 €
3.1	Obras de acondicionamento do Castelo de Moeche	27.979,17 €	28.521,77 €	31.940,42 €	88.441,36 €
4	Rutas dos Ríos (I)	135.592,84 €	138.222,41 €	154.789,89 €	428.605,14 €
4.1	Ruta de Sendeirismo de Ribeira do Bispo-Ambosores (Mañón)	65.630,26 €	66.903,03 €	74.922,10 €	207.455,40 €
4.2	Paseo fluvial no río Pontellas (Cerdido)	69.962,58 €	71.319,37 €	79.867,79 €	221.149,74 €
5	Edición de material de promoción	24.623,91 €	25.101,45 €	28.110,13 €	77.835,49 €
5.1	Edición de material promocional	19.181,02 €	19.553,00 €	21.896,64 €	60.630,65 €
5.2	Material de merchandising	5.442,90 €	5.548,45 €	6.213,49 €	17.204,84 €
6	Plan de comercialización (I)	4.745,38 €	4.837,40 €	5.417,22 €	15.000,00 €
6.1	Presenza en feiras	4.745,38 €	4.837,40 €	5.417,22 €	15.000,00 €
7	Xerencia do Plan	12.907,42 €	13.157,74 €	14.734,84 €	40.800,00 €
7.1	Xerencia do PDPT (Do 01.08.07 ao 02.05.08)	12.907,42 €	13.157,74 €	14.734,84 €	40.800,00 €
8	GASTOS VARIOS	4.175,93 €	4.256,92 €	4.767,15 €	13.200,00 €
	TOTAL	318.000,00 €	324.167,00 €	363.022,00 €	1.005.189,00 €

Todas as actuacións citadas son financiadas con cargo á partida 0305 751A 62801 cód. 2006 245000”

23.-PROPOSTA DE AUTORIZACIÓN DO PROXECTO MODIFICADO DA OBRA “DOMUS ATLÁNTICA”. CONCELLO DE CARNOTA.

Por unanimidade, apróbase o seguinte ditame da comisión:

“1.- Aprobar o modificado da obra “Domus Atlántica” elaborado polo arquitecto superior D. José Carlos Leis Caruncho. A obra foi incorporada como actuación plurianual nas anualidades segunda e terceira do plan de Dinamización turística da Costa da Morte e cun presuposto de 220.864,00 euros. O presupostado modificado ascende a 353.810,32 euros.

2. Aprobar a concesión dunha achega provincial ó proxecto modificado polo importe de 119.651,6 euros a que ascende a diferenza entre o presuposto da obra inicial (presuposto de adxudicación) e o modificado.

3.- O financiamento do proxecto modificado imputarase da forma seguinte:

PRESUPOSTO INICIAL

CONTRATA	ADXUDICACIÓN	BAIXA
220.864,00	198.777,60	22.086,40 (9,99%)

PRESUPOSTO MODIFICADO

CONTRATA	ADXUDICACIÓN	
353.810,32	318.429,29 (+119.651,69)	35.381,03 (9,99%)

O presuposto de contrata do modificado ascende a 353.810,32 euros. O presuposto de adxudicación a 318.429,29 euros. O importe da achega provincial ó modificado, calculado como incremento respecto do inicial ascende a 119.651,69 euros o que supón o 100% do incremento do presuposto modificado da obra unha vez aplicada a porcentaxe da baixa do investimento (9,99 %). Os 119.651,69 euros serán imputados ó dispoñible da partida 0305/751A/628.00, unha vez sexa anulado o RC Ref. 22007003851 nº de operación 22007001345 de 14/05/2007. Os 198.777,60 euros restantes necesarios para garantir o completo financiamento do proxecto modificado serán imputados á consignación xa verificada no exercicio 2006 co cargo á partida 0305/751A/628.00 cód. de proxecto 20033 80010 8 1 de acordo coa operación nº 220060002161 RCP 9019.

4.- A aprobación do modificado será formalizada en documento administrativo co adxudicatario do contrato primitivo OBRAS EY CONTATAS AEDES , S.L N.I.F. B15826894. As modificacións dan lugar o novo prezo de adxudicación do contrato de 318.429,29 euros que supón un incremento co respecto ó primitivo de 119.651,69 euros.

5.- Modifica-la contía da garantía definitiva do contrato que queda incrementada na cantidade de 4.786,04 euros, que deberá ingresar o contratista na Caixa da Corporación no prazo máximo de quince días unha vez aprobada a modificación do contrato, quedando fixada a garantía, co incremento citado, na cantidade de 12.737,17 euros.”

6.- A proposta do Sr. presidente da Comisión: Sr. Villamar Díaz, en función dos informes que constan no expediente, e co obxecto de completalo, o presente acordo queda condicionado a que se incorpore ó expediente a documentación citada no informe con data do 12 de marzo de 2007 da empresa que supervisou o proxecto: Control e Estudios S.L:

- Achega da memoria construtiva da obra.
- Achega do anexo de cálculo de estruturas e instalacións
- Achega do Estudo de Seguridade e Saúde.
- Incorporación da medición da partida “*correas de la cuberta*”.
- Incorporación da partida de “*el aislamiento en los tabiques de la planta baixa*”.
- Incorporación da partida “*albardilla de remate de peto de cuberta*”.

ACTUACIÓN DE CONTROL MOCIÓNS

Sr. Presidente

Hai unha moción presentada por urxencia porque se ditaminou un asunto na Comisión respectiva e por un erro material, de non enviar a documentación, non se incluíu na orde do día, e incluímolo como moción. Rógolle ao secretario que dea lectura ao contido da moción.

Sr. Secretario

A moción, despois de lembrar o que dixo agora o presidente, que foi aprobado pola Comisión, propón, ao abeiro do artigo 71.3º do Regulamento orgánico da deputación, a declaración de urxencia do asunto de aprobación do ditame da Comisión Informativa de Benestar Social, Políticas de Igualdade e Normalización Lingüística do 21 de maio de 2007, que di o seguinte:

“PROPOSTA PARA A APLICACIÓN DA INTEGRACIÓN DA CONCILIACIÓN DA VIDA LABORAL, FAMILIAR E PERSOAL NA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA.

Visto o contido do expediente para a aplicación da integración da conciliación da vida laboral, familiar e persoal na Deputación da Coruña:

1º.-Tómase en consideración a declaración de intencións da deputada presidenta da Comisión de Benestar Social e Políticas de Igualdade, coa fin de procurar para a Deputación da Coruña o seguinte:

- Incluír a conciliación na estrutura orgánico-funcional de Deputación.
- Implantar e formalizar unha estratexia en materia de conciliación na Deputación.
- Favorecer os mecanismos de información para axilizar a actualización da dato que modifiquen as condicións de vida dos traballadores.
- Procurar a implicación e participación do persoal.

2º.-Dispónse a remisión do expediente ao Servizo de Planificación e Xestión de Recursos Humanos, para o seu estudo e desenvolvemento oportuno.”

Apróbase a urxencia por unanimidade e a continuación apróbase a moción tamén por unanimidade.

Sr. Presidente

Hai algunha moción, algunha pregunta, algún rogo máis? Damos por finalizado o último Pleno ordinario deste mandato, ou non, porque espero que non haxa reclamacións, coa experiencia que temos do mandato anterior, podemos chegar ata decembro. Oxalá non haxa ningunha reclamación, a xente vote con comodidade e tranquilidade e que Deus reparta sorte. En calquera caso, temos aínda pendente un Pleno que é a aprobación da acta deste Pleno, e aí, se a vostedes lles parece conveniente, sería bo facer unha pequena comida de despedida, aínda que case todos aspiramos a repetir, polo menos despedirnos para que, se vimos, reencontrarnos de novo con satisfacción e alegría. Moitas grazas e sorte para todos.

Sen máis asuntos dos que tratar remata a sesión, sendo as once horas e quince minutos, procedéndose a redacta-la acta e autorizándose a súa transcripción, que asino co Ilmo. Sr. Presidente, de todo o cal, eu, o Secretario, dou fe.

